

BASES

Barro contra a violencia de xénero.

Deseña o noso logo e lema.

II Concurso para a elaboración dun logotipo e lema contra a violencia de xénero.

1.- OBXECTO

O Concello de Barro a través da Concelleira de Igualdade, Benestar, Ensino e Muller convoca as Bases do II Concurso para a elaboración dun logotipo e/ou lema contra a violencia de xénero.

2.- PARTICIPANTES

Poderá participar no concurso calquera alumno matriculado no CEIP Amor Ruibal ou na E.E.I de Curro.

Poderán participar individualmente, por parellas, en grupos ou por curso.

3.- TEMÁTICA

O tema para reflectir na imaxe presentada a concurso terá que ser reivindicativa contra a violencia de xénero. Na obra poderá estar integrado un texto ou lema contra a violencia de xénero.

- Os traballos deben ser novos, non premiados nin presentados simultaneamente ou anteriormente noutro certame. Os/as participantes responsabilizaranse de que non existan dereitos a terceiro nas obras presentadas, así como de toda reclamación por dereitos de imaxe, prohibíndose o uso de imaxes xa existentes.

- Os traballos non poderán ser discriminatorios por razón de sexo. Con este fin, deberán facer un uso non sexista da linguaxe nos textos e garantir nas imaxes unha presenza equilibrada de ambos os sexos. Así mesmo, en ningún caso aceptaranse traballos que presenten ás persoas como inferiores ou superiores en dignidade humana en función do seu sexo, ou como meros obxectos sexuais, como xustificación, ou incitación á violencia contra as mulleres.

4.- FORMATO, TÉCNICA E SOPORTE

- Tema: Logotipo en contra da violencia machista en Barro, cor e técnica: libre.

- Creación de texto/lema, en galego.

- Presentaranse en formato JPG/PNG e papel.



Non se admitirán imaxes con nomes ou marcas identificativas do autor/a.

5.- PRESENTACIÓN .- Modo, lugar e prazos para presentar as obras.

- Onde: nas oficinas do Concello de Barro.
- Prazo: 13 de novembro de 2024

Identificación das obras: O CEIP Amor Ruibal ou a E.E.I Curro, dentro dun sobre, presentaranse todos os logos e os lemas en papel, con un identificador de obra (aula e o número de clase de cada alumno) na parte posterior do soporte, ou nun USB.

•Será o CEIP Amor Ruibal ou a E.E.I Curro a encargada de identificar e notificar ao alumnado creador da obra seleccionada polo xurado.

6.- PREMIO

O logo e lema premiado serán a imaxe corporativa do Concello para campañas en contra da violencia machista e a defensa da igualdade. Entregarase un agasallo conmemorativo a tódolos rapaces/as dos centros de ensino do Concello de Barro.

7.- XURADO

O veredicto do concurso corresponderá ao Xurado composto por:

PRESIDENTA:

- Dna. Digna Lía Rodríguez Barros

VOGAIS:

- Dna. Diana López Varela
- Dna. María Elena Lucio Mera
- Secretaria: Dna. Pilar Álvarez García, Informadora Xuvenil.

A reunión realizarase o día 14 de novembro ás 18:00 na Biblioteca Pública de Barro.

O tribunal presentará á alcaldía a proposta definitiva de resolución do concurso. A proposta definitiva de resolución deberá ser xustificada e figurará reflectida nunha acta.

A resolución do concurso será ditada pola alcaldía e notificada individualmente ao pai/nai/titor da persoa ou persoas creadoras da obra a partir do 18 de novembro de 2024.

8.- DIFUSIÓN DO TRABALLO



- Os participantes que presentan o logo e o lema ceden con carácter gratuíto ao Concello de Barro todos os dereitos de explotación e en particular, os de reprodución, distribución, comunicación pública (incluída a difusión a través de Internet) e transformación sobre este que permitan a este último xestionar a utilización do logo e lema do presente concurso e difundilo en tódolos medios e soportes que ou Concello de Barro estime oportunos no marco, contra a Violencia de Xénero e a igualdade , para a máxima duración legal dos dereitos cedidos e para todo o mundo. En particular, sen carácter exhaustivo, o Concello de Barro poderá publicar o logo e o lema na web Barro.gal e utilizar variantes do mesmo en diferentes medios e soportes de difusión, imprimir, proxectar os mesmos en exposicións e eventos relacionados, así como difundilo nas súas canles de redes sociais.

- Os participantes que presentan o logo e o lema responden ante o Concello de Barro do exercicio pacífico dos dereitos de imaxe e de propiedade intelectual indicados no presente apartado, e para ese efecto exonera ao Concello de Barro de calquera responsabilidade dimanante do non cumprimento ou cumprimento defectuoso destas bases e garantías. Neste sentido, no caso de que o Concello de Barro sexa obxecto de calquera reclamación xudicial ou extraxudicial iniciada por terceiros e baseada en posibles infraccións de dereitos en relación co logotipo ou lema, o participante asume todos os gastos, custos e indemnizacións que se poidan derivar destas accións, e responde ante o Concello de Barro ou ante terceiros, segundo corresponda.

- Calquera irregularidade ou violación destas normas comporta a descualificación inmediata do participante, que renuncia a calquera nomeamento ou premio que lle sexa proposto.

10.- ACEPTACIÓN

- A participación non concurso implica ou coñecemento e a aceptación das normas indicadas nestas bases. Toda dúbida sobre a interpretación destas normas será resolta polo Concello de Barro.

- As obras orixinais presentadas ao concurso que non fosen premiadas poderán recollese no lugar indicado antes do 13 de decembro.

**(DOCUMENTO ASINADO ELECTRÓNICAMENTE
CON DATA E SINATURA Á MARXE).**

